

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 1320** *Real decreto 44/2015, do 2 de febreiro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha de sociedades cooperativas, sociedades civís, comunidades de bens, sociedades limitadas laborais e emprendedores de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática.*

A actividade empresarial é, nun sistema de economía de mercado, o impulsor primordial de creación de emprego, riqueza e benestar social. A consecución destes obxectivos exige aos poderes públicos implicarse no seu desenvolvemento.

Así mesmo, é unha realidade que as economías desenvolvidas dispoñen dunha estrutura económica baseada fundamentalmente na pequena e mediana empresa (peme). O motor principal da economía española constitúeno as pequenas e medianas empresas. Así, de feito, actualmente en España son máis do 99 por cento das empresas españolas, crean arredor do 60 por cento do emprego e contribúen con aproximadamente o 65 por cento do valor engadido bruto. Existe unha clara correlación entre o maior nacemento de pemes e o crecemento do produto interior bruto. Desta forma faise patente que, incentivando a actividade empresarial e facilitando o acceso a ela, se obteñen resultados que non só favorecen o propio emprendedor, senón a sociedade no seu conxunto.

É fundamental para calquera economía facilitar e simplificar o acceso á actividade empresarial. Está demostrado que un procedemento sinxelo de apertura estimula a creación de novas empresas. Igualmente, o establecemento de procedementos sinxelos de apertura está tamén correlacionado cunha maior produtividade nas empresas xa constituídas. Ademais, procesos máis áxiles e sinxelos para a apertura de empresas facilitan que os traballadores e o capital se movan entre os distintos sectores cando as economías experimentan momentos difíciles.

Neste sentido, o Goberno de España desenvolveu unha serie de medidas para impulsar e facilitar a creación de empresas, desde o ano 2003, coa Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada nova empresa, pola que se modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, na cal se crea o documento único electrónico (DUE), até a actualidade co Plan de estímulo económico e apoio ao emprendedor e os traballos da Comisión de Reformas das Administracións Públicas (CORA).

O DUE é o documento que permite a creación de empresas de maneira integrada por medios electrónicos e nun só procedemento. O DUE regúlase por primeira vez para a constitución da sociedade limitada nova empresa no Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, no que tamén se desenvolve o Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE).

Posteriormente, o DUE ampliouse a outros tipos de empresas mediante dous reais decretos, en 2006, mediante o Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática e, en 2010, mediante o Real decreto 368/2010, do 26 de marzo, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha das empresas individuais mediante o sistema de tramitación telemática.

En 2013, os traballos da CORA dan como resultado, por un lado, o proxecto de simplificación administrativa «Emprende en tres», elevado por esta á aprobación do Consello de Ministros o 31 de maio de 2013, que permite integrar a declaración responsable que substituíu a licenza municipal co CIRCE. Por outro lado, o propio informe da CORA, aprobado polo Consello de Ministros na súa sesión do 21 de xuño, recolle un importante conxunto de medidas de simplificación administrativa na creación de empresas. Entre elas, a inclusión no documento único electrónico (DUE) das sociedades cooperativas, sociedades civís, comunidades de bens e sociedades limitadas laborais, así como unha serie de trámites como a comunicación do centro de traballo á comunidade autónoma e a solicitude da denominación social no caso da sociedade de responsabilidade limitada.

Ademais, a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, recolle medidas para impulsar a iniciativa emprendedora, entre outras, a figura do emprendedor de responsabilidade limitada (artigos do 7 ao 11), e establece no seu artigo 14 que os trámites necesarios para a inscrición rexistral do emprendedor de responsabilidade limitada se poderán realizar mediante o sistema de tramitación telemática do CIRCE e do DUE. Tamén se modifica a disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, ampliando de maneira significativa os trámites que se poden realizar mediante o DUE.

A dita Lei 14/2013, do 27 de setembro, tamén crea, no seu artigo 13, a figura dos puntos de atención ao emprendedor, nos cales se deberá iniciar a tramitación do documento único electrónico. Así mesmo, establece na súa disposición adicional segunda que os puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT) pasarán a denominarse puntos de atención ao emprendedor (PAE).

Por tanto, por un lado, o presente real decreto, que forma parte das actuacións derivadas dos traballos da CORA na área de creación de empresas, permite que as cooperativas, sociedades civís, sociedades limitadas laborais e comunidades de bens utilicen o procedemento electrónico do sistema CIRCE para levar a cabo os trámites de creación da súa empresa mediante a utilización do DUE.

Por outro lado, mediante o presente real decreto tamén se regulan os trámites necesarios para a inscrición rexistral do emprendedor de responsabilidade limitada, tal e como establece a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización. Desta maneira, conséguese que a regulación da tramitación electrónica do empresario individual sexa aplicable ao emprendedor de responsabilidade limitada engadindo o trámite da inscrición rexistral. Ademais, recolle o cambio de denominación dos PAIT referíndose a estes coa nova nomenclatura.

Todo isto en consonancia coa disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado por Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, que establece que mediante o DUE se poderá realizar calquera outro trámite ante autoridades estatais, autonómicas e locais asociado ao inicio ou exercicio da actividade, incluídos o outorgamento de calquera autorización, a presentación de comunicacións e declaracións responsables e os trámites asociados ao cesamento da actividade. Igualmente, o número segundo da dita disposición adicional establece que regulamentariamente ou, se for o caso, mediante a celebración dos oportunos convenios entre as administracións públicas competentes, estableceranse as especificacións e condicións para o emprego do DUE para a constitución de calquera forma societaria.

Igualmente, os títulos terceiro e cuarto da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, recollen, respectivamente, a xestión electrónica dos procedementos administrativos e a cooperación entre administracións para o impulso da Administración electrónica, así como a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que no seu artigo 8.1 establece que os trámites e procedementos para o acceso a unha actividade de servizos se poidan realizar facilmente por vía electrónica a través do portelo único.

Así, o presente real decreto aplica ás cooperativas, sociedades civís, comunidades de bens, sociedades limitadas laborais e emprendedores de responsabilidade limitada, o mecanismo desenvolvido polo Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

De acordo co disposto no artigo 37.h) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, este real decreto foi sometido a informe da Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xaneiro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da disposición.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación das especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (en diante, DUE), para efectos da posta en marcha de sociedades cooperativas, sociedades civís e comunidades de bens.

2. Igualmente, este real decreto regula as especificidades que se deberán ter en conta para o emprego do DUE para efectos da posta en marcha de empresas que adopten a forma xurídica de sociedade de responsabilidade limitada laboral e de emprendedor de responsabilidade limitada.

3. As disposicións contidas neste real decreto, no que se refire a sociedades cooperativas, só serán de aplicación ás cooperativas de traballo asociado.

4. Quedan excluídos os sectores inmobiliario, financeiro e de seguros.

5. A formalización regular do DUE correspondente a sociedades civís cuxo obxecto sexa a explotación dunha actividade mercantil non validará a nulidade destas ao constituírse en documento privado.

6. As disposicións contidas neste real decreto non alteran as normas relativas á tramitación administrativa non electrónica para a posta en marcha de empresas que adopten a forma xurídica de cooperativa, sociedade civil ou comunidade de bens a que se fai referencia nos números anteriores. Igualmente se debe entender para o caso das sociedades limitadas laborais e do emprendedor de responsabilidade limitada.

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo do emprego e da aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos que en materia de sinatura e envío de documentos poidan establecer as diferentes administracións públicas e os organismos públicos e entidades vinculadas ou dependentes delas, no marco do disposto pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 2. *Puntos de atención ao emprendedor.*

1. A formalización e o envío do DUE referente á empresa que adopte a forma xurídica de cooperativa, sociedade civil, comunidade de bens, sociedade de responsabilidade limitada laboral ou emprendedor de responsabilidade limitada poderanse realizar a través dos puntos de atención ao emprendedor definidos na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, na súa redacción dada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, a partir da entrada en vigor deste real decreto.

2. A formalización do DUE tamén se poderá realizar a través do portelo único que a Administración pública española pon á disposición dos prestadores de servizos, tanto nacionais como dos Estados membros, segundo se establece no artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

3. A formalización por vía electrónica do DUE estará dispoñible para os cidadáns a través da subsede electrónica da Subdirección Xeral de Apoio á Peme da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, <https://subsede.pyme.minetur.gob.es>.

4. Co fin de garantir a conservación do documento electrónico, tal e como se indica no artigo 21 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, o DUE terá os compoñentes, formatos e metadatos recollidos na Resolución do 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma técnica de interoperabilidade do documento electrónico.

O DUE conformarase como un expediente electrónico cos seguintes compoñentes:

a) Documentos electrónicos, que cumprirán as características de estrutura e formato establecidas na Norma técnica de interoperabilidade de documento electrónico.

b) Índice electrónico que, segundo o establecido no artigo 32.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, garantizará a integridade do expediente electrónico e permitirá a súa recuperación sempre que sexa preciso.

c) Sinatura do índice electrónico pola Administración pública, órgano ou entidade actuante de acordo coa normativa aplicable.

d) Metadatos do expediente electrónico.

CAPÍTULO II

Documento único electrónico da cooperativa, sociedade civil e comunidade de bens

Artigo 3. Natureza e contido do DUE.

1. O DUE é un instrumento de natureza electrónica en que se poderán incluír todos os datos referentes á sociedade cooperativa, sociedade civil ou comunidade de bens que, de acordo coa lexislación aplicable, se deben remitir aos rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para a constitución e o cumprimento das obrigacións en materia tributaria e de seguridade social inherentes ao inicio da súa actividade, sempre e cando estes se remitan por medios electrónicos.

2. O DUE conterá dous tipos de datos:

a) Datos básicos, que se deberán cubrir no momento en que se dá inicio á tramitación e que serán, para a cooperativa, sociedade civil ou comunidade de bens, os establecidos no anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, coas especialidades establecidas no artigo 5 do presente real decreto, así como todos aqueles que resulten necesarios para cumprir os trámites para levar a cabo a realización do DUE segundo a lexislación vixente en cada momento.

b) Datos que teñen que incorporar en cada fase da tramitación as administracións públicas competentes para o cumprimento das obrigacións en materia tributaria e fronte á Seguridade Social, inherentes ao inicio da súa actividade. Estes datos serán os establecidos no anexo II do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, salvo no referente á súa letra c), coas seguintes especialidades:

1.º Datos que deberán ser incorporados ao DUE pola Administración pública competente en materia de cooperativas:

1. Certificación negativa da denominación da sociedade cooperativa.

2. Rexistro en que se practique a inscrición, número de inscrición, provincia, tomo, libro, folio, sección e folia.

2.º No caso da constitución de sociedades cooperativas e cando así o estableza a lexislación estatal e/ou autonómica correspondente, o DUE tamén conterá os datos que teñen que incorporar en cada fase de tramitación o notario autorizante da escritura pública de constitución e os encargados dos rexistros de cooperativas correspondentes. De se tratar de sociedades civís ou comunidades de bens que se constitúan mediante escritura pública, o DUE conterá igualmente os datos que ten que incorporar en cada fase de tramitación o notario autorizante de tal escritura.

CAPÍTULO III

Tramitación do documento único electrónico

Artigo 4. Trámites que a cooperativa, a sociedade civil ou a comunidade de bens poden realizar co documento único electrónico.

1. O DUE permite a realización electrónica dos trámites a que se refiren as letras b) a n) do artigo 5.1 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, referidos á cooperativa, á sociedade civil ou á comunidade de bens, segundo corresponda.

2. Ademais dos trámites indicados no número anterior, no caso das sociedades cooperativas, o DUE permite a realización dos seguintes trámites:

- a) Solicitud de certificación negativa de denominación da cooperativa.
- b) Inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Sociedades Cooperativas.

3. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderase establecer a realización electrónica, mediante o DUE, doutros trámites que complementen ou substitúan os mencionados nos números anteriores.

Artigo 5. Tramitación do documento único electrónico.

1. Unha vez consignados no DUE os datos básicos, que serán os indicados no anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, referidos á cooperativa, á sociedade civil ou á comunidade de bens segundo corresponda, coas especialidades establecidas no presente real decreto, o sistema de tramitación telemática (en diante, STT) asignaralle o número CIRCE correspondente, identificando así de maneira única e inequívoca o DUE. A continuación, realizaranse os trámites establecidos nas letras b) a o) do artigo 6 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño. No caso das sociedades civís e das comunidades de bens realizarase, ademais, o trámite previsto na letra i) por cada partícipe ou comuneiro e non serán de aplicación os trámites a que se refiren as letras n) e ñ) do dito artigo 6. Con respecto á letra f), será de aplicación cando a sociedade civil ou a comunidade de bens opte pola inscrición no correspondente rexistro mercantil ou así o estableza unha norma de rango superior. A dita letra f) non será de aplicación no caso de sociedades cooperativas.

2. Cando así o indique a lexislación estatal e/ou autonómica correspondente, no caso das sociedades cooperativas poderase levar a cabo o trámite de cualificación previa de estatutos sociais.

3. En relación cos trámites a que se refiren os números anteriores, realizaranse coas seguintes especialidades respecto ao artigo 6 e anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño:

- a) Os datos referentes á denominación social substituiranse pola denominación da sociedade civil ou comunidade de bens, segundo sexa o caso, de acordo coa normativa

que resulte de aplicación. En canto aos datos relativos á solicitude de certificación negativa de denominación da cooperativa, faranse constar os seguintes:

1. Datos do solicitante.
2. Datos para efectos de notificación.
3. As solicitudes de denominación por orde de preferencia, até o número máximo que permita a normativa aplicable en cada caso.

b) Consignaranse os datos identificativos relativos aos cooperativistas, partícipes ou comuneiros, nome e apelidos, denominación social no suposto de que sexan persoas xurídicas, idade, sexo, data de nacemento, lugar de nacemento, estado civil e data de estado civil, representante, se for o caso, nacionalidade, número de identificación fiscal, número de afiliación á Seguridade Social, se o ten, domicilio e domicilio fiscal se non coinciden, indicación da súa cota de participación e de atribución en caso de que as ditas cotas non coincidan, así como todos aqueles datos identificativos relativos aos cooperativistas, partícipes ou comuneiros, segundo corresponda, que resulten necesarios consonte a lexislación vixente en cada momento.

c) En canto aos datos societarios, consignaranse os datos da sociedade cooperativa, sociedade civil ou comunidade de bens, segundo correspondan. En canto á forma xurídica farase constar a de sociedade cooperativa, sociedade civil ou comunidade de bens segundo corresponda. Con respecto aos datos relativos á inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Sociedades Cooperativas, faranse constar os datos do solicitante, os do seu representante, se for o caso, e os datos para efectos de notificación.

d) No caso da sociedade civil ou comunidade de bens, cando se acheguen bens inmoables ou dereitos reais, remitiranse ao notario autorizante os datos recollidos no DUE.

e) Para a obtención do número de identificación fiscal (en diante, NIF) da sociedade civil ou da comunidade de bens, remitirase á Administración tributaria competente o correspondente contrato privado de constitución ou copia simple electrónica da escritura de constitución.

f) Os datos referentes ao capital social substituiranse polo capital social mínimo.

g) En canto á obtención do NIF definitivo de sociedades civís e comunidades de bens, deberanse remitir á Administración tributaria competente, se for o caso, os datos do contrato privado de constitución ou escritura pública, NIF da persoa que asine a declaración censual, e que debe ser un dos socios, comuneiros ou partícipes, ou o seu representante, liquidación polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, nos casos en que proceda.

h) En canto á obtención da certificación negativa de denominación da cooperativa, o STT remitirá á Administración pública competente os seguintes datos contidos no DUE:

1. Datos do solicitante.
2. Datos para efectos de notificación.
3. As solicitudes de denominación por orde de preferencia.

i) Para a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Sociedades Cooperativas, o STT remitirá á Administración pública competente os seguintes datos contidos no DUE:

1. Datos do solicitante.
2. Datos do seu representante, se for o caso.
3. Datos para efectos de notificación.
4. Copia autorizada electrónica da escritura pública de formalización do acordo correspondente, sempre que a lexislación estatal e/ou autonómica de cooperativas así o precise.
5. Documento acreditativo de ter liquidado o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Se da cualificación da documentación presentada o Rexistro de Cooperativas aprecia a existencia de defectos susceptibles de emenda, comunicarllo ao STT para que os interesados procedan á súa rectificación.

Nos supostos de cualificación negativa, o Rexistro de Cooperativas comunicarllelo ao notario autorizante e ao representante que, para o efecto, os socios fundadores designasen nela, dentro das 24 horas seguintes á presentación. Así mesmo, notificarállelo ás administracións tributarias competentes.

j) No caso das sociedades cooperativas o STT remitirá ao notario autorizante da escritura os datos de inscrición no correspondente rexistro de sociedades cooperativas.

CAPÍTULO IV

Comunicación de modificacións e protección de datos persoais

Artigo 6. *Comunicación de modificacións polas administracións públicas.*

1. Para a correcta tramitación electrónica do DUE a que se refire este real decreto, as administracións públicas competentes deberán facilitar ao administrador do STT, polo procedemento automatizado establecido no propio sistema, as modificacións que se poidan producir con relación a novos datos que se tivesen que consignar, así como calquera modificación nas táboas de codificación dos datos xa contidos no DUE.

2. Recibidas as modificacións a que se fai referencia no número anterior, o administrador do STT incluíraas de forma automática no sistema.

Artigo 7. *Protección de datos persoais.*

1. Os PAE unicamente poderán requirir datos persoais directamente dos seus titulares ou co seu consentimento explícito previo, e só na medida necesaria para a realización dos trámites a que se fai referencia neste real decreto.

2. O tratamento dos datos persoais que se precisen para a tramitación electrónica establecida neste real decreto estará sometido á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional primeira. *Tramitación da sociedade de responsabilidade limitada laboral.*

Para a tramitación da sociedade limitada laboral será de aplicación o establecido no Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática, coas seguintes especificidades:

a) O DUE permite a realización electrónica dos trámites a que se refiren as letras a) a n), con excepción da letra j) do artigo 5.1 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, referidos á sociedade limitada laboral.

b) Unha vez consignados no DUE os datos básicos, que serán os mesmos que para a sociedade limitada nova empresa establece o anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, o sistema de tramitación telemática (STT) asignarlle o número CIRCE correspondente, identificando así de maneira única e inequívoca o DUE. A continuación, realizaranse os trámites establecidos nas letras a) a i) e k) a o) do artigo 6 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño.

c) Farase constar, en canto aos datos relativos á forma xurídica da sociedade, a de sociedade de responsabilidade limitada laboral.

d) En canto á cualificación e inscrición no rexistro administrativo de sociedades laborais correspondente, que en todo caso será previa á súa inscrición no Rexistro Mercantil, os datos que debe remitir o STT á Administración competente serán os mesmos que os do número 5.3.i) do presente real decreto.

e) Os datos que se recollerán no DUE da inscrición no rexistro de sociedades laborais serán os datos do solicitante, os do seu representante, se for o caso, e os datos para efectos de notificación.

Disposición adicional segunda. *Tramitación relativa ao emprendedor de responsabilidade limitada.*

Para a tramitación relativa ao emprendedor de responsabilidade limitada será de aplicación o establecido no Real decreto 368/2010, do 26 de marzo, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha das empresas individuais mediante o sistema de tramitación telemática, coas seguintes especificidades:

1. En relación co número 1 do artigo 4 do Real decreto 368/2010, do 26 de marzo, o DUE tamén permite a tramitación electrónica da inscrición rexistral do emprendedor de responsabilidade limitada.

2. En relación cos trámites a que se refire o número 1 do artigo 5 do Real decreto 368/2010, do 26 de marzo, realizaranse conforme o seguinte:

a) Farase constar no DUE en canto aos datos relativos á forma xurídica a de emprendedor de responsabilidade limitada, así como os datos relativos ao ben inmovible, propio ou común, que se pretende que non deba quedar obrigado polas resultas do xiro empresarial ou profesional.

b) Igualmente, farase constar a identidade do empresario individual, o nome comercial e, se for o caso, o rótulo do seu establecemento, o domicilio do establecemento principal e, se for o caso, das sucursais, o obxecto da súa empresa, o código correspondente da Clasificación nacional de actividades económicas, e a data de comezo das súas operacións.

c) Os datos do ben inmovible serán os datos de inscrición no Rexistro da Propiedade, incluíndo o identificador único de predio rexistral, a referencia catastral e a valoración conforme o disposto na base impoñible do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

d) Os datos relativos á inscrición rexistral, que deberá certificar o rexistrador mercantil para a súa incorporación ao DUE, serán os do Rexistro Mercantil no cal se practique a inscrición.

e) Se o emprendedor de responsabilidade limitada se matricula mediante acta notarial, o STT comunicará ao notario os datos de inscrición daquela no correspondente rexistro.

f) O STT remitirá os datos da inscrición practicada no Rexistro Mercantil ao correspondente Rexistro da Propiedade competente.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.*

O Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse unha nova letra n) ao artigo 5.1, que pasa a ter a seguinte redacción:

«n) Comunicación da apertura do centro de traballo.»

Dous. Dáse nova redacción á letra o) do artigo 6 e engádesse unha nova letra p) co teor que figura a continuación:

«o) Comunicación da apertura do centro de traballo. O STT remitirá á Administración competente os seguintes datos contidos no DUE:

1. Datos da empresa solicitante, indicando que é de nova creación.
2. Datos do centro ou centros de traballo que se abren.
3. Datos do seu representante, se for o caso.
4. Datos para efectos de notificación.
5. Plan de prevención de riscos laborais, se for o caso.

p) Outros trámites. Regulamentariamente, ou mediante a celebración dos oportunos convenios, poderanse incluír novos datos no DUE, co fin de que poida servir para o cumprimento doutros trámites, comunicacións e/ou obrigacións doutras administracións públicas.»

Tres. Engádesse unha nova letra v) ao anexo I, coa redacción seguinte:

«v) Comunicación da apertura do centro de traballo:

1. Datos da empresa solicitante.
2. Datos do centro ou centros de traballo que se abren.
3. Datos do seu representante.
4. Datos para efectos de notificación.»

Catro. O anexo III queda redactado da seguinte maneira:

«ANEXO III

Formularios substituídos polo documento único electrónico (DUE)

O DUE substitúe os formularios abaixo relacionados para os efectos da aplicación deste real decreto:

– Declaración censual.	Modelos 036 e 037
– Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.	Modelo 600
– Imposto sobre actividades económicas.	Modelo 840
– Declaración censual de comezo, modificación ou cesamento de actividade da Comunidade Autónoma canaria.	Modelo 400
– Solicitud de formalización da cobertura de riscos profesionais con entidade xestora da Seguridade Social.	TA.16
– Inscrición do empresario na Seguridade Social e apertura de conta de cotización principal.	TA.6
– Conta de cotización.	TA.7
– Réxime especial dos traballadores do mar (declaración individual do traballador autónomo).	TA.49
– Réxime especial dos traballadores do mar (inscrición de embarcacións e artefactos flotantes).	TA.47
– Réxime especial dos traballadores do mar (declaración do titular da explotación marítimo-pesqueira e familiar traballador ao seu servizo).	TA.50
– Solicitud de afiliación á Seguridade Social, asignación de número da Seguridade Social e variación de datos.	TA.1
– Solicitud de alta do traballador por conta allea ou asimilado.	TA.2/S
– Socios de cooperativas de traballo asociado.	TA.0521-4

- | | |
|--|-----------------|
| – Socios, familiares de socios ou membros de órganos de administración de sociedades mercantís capitalistas. | TA.0521-5 |
| – Socios de comunidades de bens, sociedades civís, colectivas ou comanditarias. | TA.0521-6 |
| – Solicitud de inscrición de ficheiros no Rexistro Xeral de Protección de Datos. | Formulario NOTA |
| – Réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar. | TA.0825/1 |
| – Réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar (Familiar colaborador do titular da explotación) | TA.0825/2 |
| – Solicitud de alta, baixa ou variación de datos no réxime especial de autónomos. | TA.0521/1 |
| – Solicitud de alta, baixa ou variación de datos no réxime especial de autónomos (familiar colaborador do titular da explotación). | TA.0521/2 |
| – Solicitud de rexistro de marca. | 4101i |
| – Solicitud de rexistro de nome comercial. | 4301i |
| – Solicitud de certificación negativa de denominación de sociedades cooperativas. | |
| – Solicitud de constitución de sociedades cooperativas. | |
| – Solicitud de constitución de sociedades laborais. | |
| – Comunicación de apertura do centro de traballo.» | |

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática.*

O Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 4, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. O DUE permite a realización telemática dos trámites a que se refiren as letras a) a n), con excepción da letra j), do artigo 5.1 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, referidos á sociedade de responsabilidade limitada.»

Dous. O artigo 5 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 5. *Tramitación do documento único electrónico (DUE).*

1. Unha vez consignados no DUE os datos básicos, que serán os mesmos que para a sociedade limitada nova empresa establece o anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, coas especialidades que se establecen a continuación, o sistema de tramitación telemática (STT) asignaralle o número CIRCE correspondente, identificando así de maneira única e inequívoca o DUE. A continuación, realizaranse os trámites establecidos nas letras a) a i) e k) a o) do artigo 6 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño.

2. En relación cos trámites a que se refire o número anterior, realizaranse coas seguintes especialidades respecto ao artigo 6 e anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño:

a) Polo que se refire á incorporación dos datos relativos á denominación social da empresa, os puntos de atención ao emprendedor (PAE) realizarán a solicitude da denominación social por vía telemática na cal poderán incluír até cinco denominacións sociais alternativas, de entre as cales o Rexistro Mercantil Central

emitirá o correspondente certificado negativo de denominación daquela de entre elas que cumpra o disposto no Regulamento do Rexistro Mercantil, seguindo a orde proposta na solicitude. O Rexistro Mercantil Central remitirá ao STT a certificación negativa por vía telemática no prazo dun día hábil desde a súa solicitude a este. Alternativamente e por petición do interesado, os PAE poderán incorporar os datos relativos a unha denominación social das que se encontren na bolsa de denominacións sociais con reserva establecida na disposición derradeira primeira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

b) En canto aos datos relativos á forma xurídica da sociedade, farase constar a de sociedade de responsabilidade limitada.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 368/2010, do 26 de marzo, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha das empresas individuais mediante o sistema de tramitación telemática.*

O Real decreto 368/2010, do 26 de marzo, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha das empresas individuais mediante o sistema de tramitación telemática, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 4, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. O DUE permite a realización electrónica dos trámites a que se refiren as letras e), f), g), h), i), k), l), m) e n) do artigo 5.1 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, referidos á empresa individual.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 5.

«1. Unha vez consignados no DUE os datos básicos, que serán os mesmos que para a sociedade limitada nova empresa establece o anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, coas especialidades que se establecen no número seguinte, o sistema de tramitación telemática (STT) asignaralle o número CIRCE correspondente, identificando así de maneira única e inequívoca o DUE. A continuación, realizaranse os trámites establecidos nas letras b bis), d bis), e bis), i), k), l), m), n), ñ) e o) do artigo 6 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño.»

Disposición derradeira cuarta. *Supletoriedade.*

No non previsto no presente real decreto aplicarase, con carácter supletorio, o Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, así como o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición derradeira quinta. *Actualización de referencias.*

De conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, as referencias aos puntos de asesoramento e inicio de tramitación que conteñen o Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, o Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática, e o Real decreto 368/2010, do 26 de

marzo, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha das empresas individuais mediante o sistema de tramitación telemática, entenderanse referidas aos puntos de atención ao emprendedor.

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que sobre lexislación mercantil atribúe ao Estado o artigo 149.1.6.^a da Constitución española.

Disposición derradeira sétima. *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

Os ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Xustiza ditarán, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento regulamentario e a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN